


A  
L  
F  
O  
N  
S  
O  
S  
U  
C  
A  
S  
A  
S

# EXPOSICIÓN



O  
C  
O  
S  
T  
U  
M  
I  
S  
M  
O  
T  
R  
A  
N  
S  
C  
E  
N  
D  
I  
D  
O



D. Darío Campos Conde,  
presidente da Deputación Provincial de Lugo,

Dna. M<sup>a</sup> del Pilar García Porto,  
deputada de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico Deseño e Artesanía,

teñen o pracer de invítalo/a á inauguración da exposición

## SUCASAS: O COSTUMISMO TRANSCENDIDO

Acto que terá lugar o vindeiro xoves, 8 de setembro de 2016, ás 20:00 horas na Sala de Exposiciós da Deputación Provincial de Lugo.

Máis información  
Tel. 982 242 112  
[www.redemuseisticalug.org](http://www.redemuseisticalug.org) / [difusion@museolugo.org](mailto:difusion@museolugo.org)



REDE MUSEÍSTICA  
PROVINCIAL DE LUGO





## SUCASAS: COSTUMISMO TRANSCENDIDO

A pintura de Alfonso Suárez (Lalín, 1940- Vila de Cruces, 2012), unha das máis relevantes da arte galega das últimas décadas, realizouse en diálogo coa tradición –unha tradición que é moi afín ao popular e ao escultórico, como acontece con moita arte galega– escolmando dela elementos significativos, perseguidos de xeito obsesivo, e cheos dunha intensa forza plástica.

A este influjo, o lalinense suma o coñecemento e asimilación da nova figuración internacional que lle permite servirse de elementos de grande alento expresivo para forzar a rosca, para escavar todo o pasado artístico, mais coa plena conscientia de que ser parte dese pasado e para amosármonos non só a percepción angustiada da existencia senón a más vitalista, que acabará dominando na súa producción das últimas décadas.

Suárez permaneceu fiel ao seu horizonte estético e a estes postulados: tradición galega e nova figuración, coa figura humana sempre presente, e con esa propensión expresionista e nórdica que tamén caracterizou e reivindicou boa parte da plástica galega do século XX, fundamentalmente desde os anos vinte. A respecto da liña de continuidade coa historia da arte galega, Suárez seguía estratexias pictóricas que se podería denominar dun “costumismo transcendido”, manifestando a súa pintura un proceso de distanciamento a respecto do puro costumismo e do ruralismo.

Carlos L. Bernárdez

